



ACTA

En Arzúa, a 7 de maio de 2015.

Sendo as 12.00 horas, reúnese no Salón de Sesións da Casa do Concello os membros integrantes do Tribunal Cualificador que cualificará o **cuatro exercicio sobre coñecemento do idioma galego** -polo sistema de oposición- convocado para poder seleccionar á persoa que será contratada como **Auxiliar da policía local**, durante un período de catro meses, de conformidade coas bases aprobadas por decreto do alcalde, de data 20 de febreiro de 2015.

Estando presentes os seguintes catro integrantes de dita Tribunal Cualificador:

*Presidente: Don Alvaro José Noya Grela (*policía local do Concello de Ordes*).

*Secretario: Don Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*).

*Vogais:

-Don Alejandro García Rosendo (*policía Local do Concello de A Estrada*).

-Don Jorge Trillo Trillo (*policía local do Concello de Ordes*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución do Tribunal Cualificador, --de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común--, o Sr. presidente procedeu a declarar constituído dito Tribunal Cualificador, dispoñendo que seguidamente se ía proceder a realizar o exercicio sobre coñecemento do idioma galego.

Cuxo exercicio só corresponde realizar ao aspirante Joaquín Penas García, dado que os outros dous aspirantes, don Juan Jesús Grovas Mayo e don Carlos Fernández López que superaron tamén o terceiro exercicio, sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local, celebrado na mañá do día de hoxe, acreditaron estar en posesión do Celga 3 ou equivalente, e xa non terían que realizar este cuarto exercicio, no cal – conforme se indica na Base 6ª- das que rixen a oposición- obterían a cualificación de apto. Mentres que o aspirante don Joaquín Penas García (que non acreditou ter o Celga 3 ou equivalente) manifestou o seu desexo de realizar este cuarto exercicio no día de hoxe, tras a realización do antes citado terceiro exercicio, sen necesidade de esperar a que transcurriese o prazo previsto legalmente entre a realización dunha e outra proba.

Deseguido o presidente e os dous vogais do Tribunal Cualificador manifestaron que elaboraran no día de onte un texto para ser utilizado nesta proba, cuxo texto figura redactado en castelan, para ser traducido ao galego; por canto que desta maneira –a través da tradución dese texto- poderíase comprobar se o aspirante comprende, fala e escribe correctamente o galego.

Sendo dito texto o seguinte:

“¿Hola, que tal?

Yo, muy contento, la verdad. ¿Te acuerdas de que ando buscando piso? Pues esta semana he ido a ver unos pisos de lujo increíbles y decidí comprar uno. Cuando lo veas va a encantarte, es modernísimo, con unas vistas fantásticas, todo de diseño. Eso si: lo bueno hay que pagarlo y, claro, es muy caro... Pero me gustó tanto que quiero seguir adelante a pesar de que la hipoteca es muy alta. Y, en lo tocante a esto, tengo algo que comentarte. Verás, para poderlo comprar necesito un aval y quería preguntarte si tú puedes ser mi aval. ¿Me harás ese favor? Piénsalo y me das tu respuesta.

Un abrazo.”

O anterior texto quedou transcrito nun folio, do cal se fixo unha fotocopia para entregala ao único aspirante que tería que realizar este exercicio, don Joaquín Penas García.

Así, unha vez entregado o folio que contén ese texto, fixose saber ao aspirante que dispoñía de 30 minutos para traducilo ao galego; correspondendo ao Tribunal Cualificador determinar o nivel de coñecemento esixido, para acada o resultado de apto.

Antes de trascorrir o prazo concedido, o aspirante Joaquín Penas García entregou o exercicio realizado que quedou unido ao expediente; polo que -desde as 12.05 horas ata as 12.15 horas- o Tribunal Cualificador procedeu a súa corrección; outorgandolle a cualificación de apto.

En consecuencia con todo o exposto; e resultando (*conforme se dipón na Base Sexta*):

-Que a cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo Tribunal Cualificador, en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición.

- Que, establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes, baseándose na súa puntuación e por orde decrecente; resultando aprobado o que, -tendo en conta o número de prazas- obtivese a nota máis alta.

Adoptáronse –por unanimidade dos catro membros integrantes do Tribunal Cualificador- os seguintes acordos:

Primeiro.- Formular a proposta de contratación a favor do aspirante don **Joaquín Penas García**, para realizar as funcións propias do posto de traballo de Auxiliar da Policía Local, que veñen previstas na Base Primeira das que rixen o proceso de selección, por ser o que obtivo a puntuación máis alta ao final de dito proceso, e por canto que -na realización dos anteriores exercicios- obtivo unha puntuación suficiente como para non quedar eliminado, realizando tamén o exercicio consistente na acreditación do coñecemento do idioma galego.

Todo o cal supuxo que o resultado do proceso de selección fose o seguinte:

Aspirantes	Proba de coñecementos Anexo I	Proba sobre toponimia	Proba de galego	Total
Joaquín Penas García	8,13	2,40	Apto	10,53
Juan Jesús Grovas Mayo	5,73	3	Apto	8,73
Carlos Fernández López	5,46	3	Apto	8,46

Gonzalo Pose Otero	6	Non compareceu polo que quedou eliminado		
Xoan Curros Vázquez	4,13, quedando eliminado ao non acadar a puntuación mínima de 5 puntos.			
Cesar López Santiago	4,13, quedando eliminado ao non acadar a puntuación mínima de 5 puntos			

Segundo.- De conformidade co disposto na Base Sexta, trasladar esta proposta de contratación a favor do seguinte aspirante polo orde da puntuación acadada, que tamén superou o proceso de selección, neste caso don Juan Jesus Grovas Mayo (que obtivo 8,73 puntos) e don Carlos Fernández López (que obtivo 8,46 puntos) para o suposto de que o aspirante seleccionado non presente a documentación requirida a través da Base Oitava das que rixen a oposición, ou para o suposto de que renuncie ao posto de traballo obtido.

Terceiro- Dispoñer a publicación, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello, dun exemplar desta acta:

a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do día seguinte a publicación desta acta), co obxecto de que o aspirante proposto poida presentar a documentación esixida na Base Oitava das que rixen a oposición.

Co cal douse por rematado o acto, ás 12.30 horas minutos do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscribida polos membros da Comisión Seleccionadora, e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.